

## ACTA Nº 6 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Abegondo, sendo as 13:00 horas do día 16 de decembro do ano 2016, previa convocatoria coa orde do día previamente establecido e comunicado aos compoñentes da mesa:

Se reúnen:

- D<sup>a</sup> Francisca Bestilleiro Rodríguez, en representación do Concello de Abegondo.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias, en representación do Concello de Abegondo.
- D<sup>a</sup> Marta Bosch, en representación do Concello de Oleiros
- D. Antonio Vázquez Lorenzo, en representación do Concello de Betanzos.
- D. Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- D. Daniel Carballada Rodríguez, en representación do Concello de Cambre.
- D. Juan Antonio López López, en representación do Concello de A Coruña.
- D<sup>a</sup> Maria Couto, en representación do Concello de Carral
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da mesma.

Polo Sr. Varela Tejedor se abre a sesión, e se procede a seguir a orde do día.

1.- Se aproba a acta da sesión anterior e se asinan os exemplares de actas anteriores pendentes de sinatura.

2.- Toma a palabra Javier Varela quen informa aos asistentes de que o borrador da Lei de transporte regular de viaxeiros cuxa copia remitira no seu momento, se incorporou integramente ao proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas (Lei de acompañamento á de orzamentos de Galicia) e que analizado dito texto comprende o seguinte:

-Considera as Áreas Metropolitanas como posibles entes competentes no ámbito do transporte regular de persoas, nos termos que prevean as súas respectivas leis de creación.

-Menciona en repetidas ocasións a elaboración dun Plan de Transporte Público de Galicia e a coordinación do sistema integrado de transporte público, pero non prevé nen sequera como simple mención, cómo se vai a financiar e é indudable que si se opta por un sistema integrado e eficiente de transporte público regular de persoas, ten que haber unha previsión de financiación pública, tanto en explotación como en infraestruturas.

-Se esquece da sustentabilidade como principio básico da mobilidade.

-Non prevé a participación dos municipios no citado Plan, (máis aló da mera colaboración en actuacións interadministrativas), o cal tendo en conta que en dito Plan se vai a definir o modelo de mobilidade, tanto interurbana como metropolitana, e incluso urbana (coordinación, interese público...) pode ser bastante lesivo para os intereses cidadáns polos que os concellos deben velar e cujas necesidades e deficiencias actuais coñecen sobradamente.

-Non queda clara a natureza xurídica aplicable aos chamados transportes mixtos e/ou zonais, o que implica tamén que non se coñeza a duración máxima deses contratos (¿10 anos+5 óu 4+2?) nen o réxime económico a eles aplicable (¿risco e ventura? ¿compensacións de servizo público?).

-Prevé a non exclusividade en determinadas relacións de tráfico, o que aínda que a primeira vista pareza favorable por canto introduce a competencia nesas relacións, pode levar na práctica a un oligopolio (ou monopolio) de oferta e por tanto á ineficiencia do sistema.

-Sí contén, e elo é positivo, o establecemento de medidas de coordinación de tarifas, horarios e calendarios, cando haxa coincidencia de percorridos (e tráfico).



- O previsto procedemento de adxudicación directa queda confuso dende o punto de vista xurídico por canto nun artigo fai unha expresa referencia ao Regulamento comunitario e á lexislación básica do Estado (art. 6), mentras que noutro (o 7) unicamente menciona o Regulamento que é máis xeneroso á hora de aplicar este sistema de adxudicación.

-Aínda que pareza eficiente e racional o uso dos servizos públicos de transporte de persoas de uso xeral para permitir o transporte de determinados colectivos (estudantes ou persoas con mobilidade reducida), hai que ter moito coidado coa súa aplicación por canto poden distorsionar significativamente o servizo regular en determinadas relacións de tráfico e/ou franxas horarias.

-Habería que establecer que os criterios de adxudicación deberán ter en conta factores cualitativos e non so cuantitativos.

**A mesa se da por enterada e aproba por unanimidade os puntos anteriores para que sexan elevados aos respectivos representantes políticos para a adopción, no seu caso, das medidas que estimen pertinentes.**

A este respecto, intervén a representante de Oleiros, Marta Bosch, para solicitar que se intente modificar o prazo atribuído no borrador da lei aos Concellos para emitir informes que é de unicamente de DEZ DIAS, o que resulta manifestamente insuficiente.

**A mesa aproba por unanimidad incluír esta petición e elevala así mesmos aos órganos políticos correspondentes.**

Por outra parte, Javier Varela informa de que as licitacións de asistencia técnica convocadas pola Xunta de Galicia para elaborar os novos mapas concesionais derivados da renuncia efectuada por diversos operadores-concesionarios dos seus correspondentes títulos habilitantes, se atopan nunha fase de aparente paralización o que dificulta o cumprimento dos prazos previstos tanto para a elaboración de ditos mapas como para a conseguinte adxudicación dos servizos públicos.

O representante de Cambre, Oscar Souto informa de que a petición do concesionario Autos Vazquez, a Xunta procedeu á modificación unilateral da concesión administrativa eliminando paradas, ramificacións e frecuencias, o que orixina un indudable prexuízo a residentes en zonas de carácter rural aisladas e sen outros medios de transporte público.

**Tanto o representante de A Coruña, como Javier Varela entenden que con carácter xeral, non deberían aprobarse modificacións concesionais nestes momentos de transición cara un novo mapa concesional galego, salvo aquelas que resulten absolutamente imprescindibles e debidamente xustificadas para manter o equilibrio económico concesional.**

A continuación o representante de A Coruña e con respecto ao proceso de penetración na cidade de determinados servizos interurbanos informa de que a fase 1 de dito proceso está consensuada e pechada en canto a itinerarios e paradas e queda pendente a autorización da Autoridade Portuaria no que afecta a algunhas obras necesarias en terreo da súa titularidade, así como o informe de Patrimonio da Xunta no que afecta a terreos incluídos no denominado Camino Inglés.

O representante de A Coruña propón aos concellos representados na mesa que sería convinte que cada uno deles fose elaborando o seu propio mapa concesional ideal porque, ao seu xuízo, iso facilitará no seu momento as negociacións coa Xunta, entendendo que unha vez que se elaborasen os mapas individualizados de cada Concello, se pronunciaría esta mesa e no seu caso formularía unha proposta á mesa de alcaldes para que se elevase á Xunta de forma conxunta.

Por último, a mesa por unanimidade solicita aos representantes políticos que se proceda a fixar as liñas de traballo futuras da mesa de transporte e mobilidade.

E sendo as 15 horas do día indicado ut supra, se levanta a sesión fixándose a data da vindeira reunión para o próximo día 27 de xaneiro ás 13 horas no Concello de Betanzos.